



ORDENANZA FISCAL Nº 4
REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICION DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos Artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo Artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos Artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa por expedición de documentos administrativos" que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal, cunhas normas que atenden ó previsto no Artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade administrativa desenvolta con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.

2. A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediase a solicitude expresa do interesado.

3. Non estará suxeita a esta Taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigacións fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra as resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e á utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens do dominio público municipal, que estean gravados por outra Taxa Municipal ou polos que o Concello esixa un prezo público.

Artigo 3.- Suxeito Pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o Artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou en cuxo interese redunde a tramitación do documento ou do expediente do que se trate.

Artigo 4.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os Artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o Artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Exencións subxectiva.s.

Gozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes pertencentes a un núcleo familiar beneficiarios da Renda de integración social de Galicia(RISGA).

Artigo 6.- Cota Tributaria.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa Tarifa que contén o Artigo seguinte.

2. A cota da Tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou do expediente do que se trate, desde o seu comezo ata a súa resolución final, incluída a certificación e a notificación ó interesado do acordo recaído.

3. As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50 por 100 cando os interesados soliciten con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motiven o devengo.

Artigo 7.- Tarifa.

A tarifa a que se refire o Artigo anterior estrutúrase nos seguintes epígrafes:

CONCEPTOS	Euros
Epígrafe 1º: Censo de Poboación.	
1. Altas, baixas e alteracións no Padrón de Habitantes	0,60
2. Certificados de empadroamento	
No Padrón vixente	2,70



ORDENANZA FISCAL Nº 4

En Padróns anteriores	3,90
3. Certificados de convivencia e residencia	2,70
4. Informes de conduta e análogos, declaracións xuradas, autorizacións paternas e comparecencias	3,00
Epígrafe 2º: Certificacións e compulsas.	
1. Certificacións de resolucións ou acordos municipais	3,60
2. Certificacións relacionadas co Servizo de Reclutamento	1,50
3. As demais certificacións	2,70
4. Dilixencia de compulsas de documentos	1,50
5. Copia de documentos autorizada por certificación, por cada folio	0,60
6. Bastanteo de poderes que surtan efecto en Oficinas Municipais	12,00
Epígrafe 3º: Contratación.	
1. Por cada contrato administrativo	12,00
2. Constitución, substitución ou devolución de fianzas en exptes. de contratación, cada acto	3,00
3. Certificacións de obra, cada unha	9,00
4. Actas de recepción, cada unha	12,00
Epígrafe 4º: Outros expedientes ou documentos.	
1. Informes e consultas en materia urbanística	6,00
2. Por cada permiso, autorización, concesión ou licenza non gravada por outra Taxa municipal	3,00
3. Expedición de documentos mediante fotocopia, cada folio	0,30
4. Por calquera outros expedientes ou documentos non expresamente tarifados	3,00

Artigo 8.- Bonificacións da cota.

Non se concederá bonificación ningunha dos importes das cotas tributarias sinaladas na Tarifa desta Taxa.

Artigo 9.- Devengo

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.

2. Nos casos ós que se refire o número 2 do Artigo 2º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que prevean a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

Artigo 10.- Declaración e ingreso.

1. A Taxa esixirase en réxime de autoliquidación, polo procedemento do selo municipal adherido ó escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existise, ou a solicitude non fora expresa.

2. Os escritos recibidos polos condutos a que fai referencia o Artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárseles curso, sen que se solucione a deficiencia, a cuxo fin requirirase ó interesado para que no prazo de dez días pague as cotas correspondentes, co apercibimento de que, transcorrido o dito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

3. As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal en virtude de oficio de Xulgados ou Tribunais para toda clase de pleitos, no se entregarán nin remitirán sen que previamente se satisfaga a correspondente cota tributaria.

Artigo 11.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición Final

A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión realizada o día trinta de outubro de dous mil catro, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir desta data, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

O ALCALDE

A SECRETARIA